

## INFORME TÉCNICO

### **1.- Obxecto**

Redáctase o presente informe técnico en relación á valoración dos criterios de adxudicación establecidos no prego dependentes dun xuízo de valor para a contratación de asistencia técnica para levar a cabo o ***"Servizo para a posta en marcha dos Orzamentos Participativos para o ano 2019"***, de acordo co prego de prescripcións técnicas e coa documentación do expediente de referencia CON/10/2018.

### **2.- Apertura de ofertas**

Con data 8 de maio de 2018 tivo lugar a reunión da mesa de contratación para a apertura de ofertas e de actos de negociación individualizadas. Trala análise formal da documentación presentada, a mesa de contratación acorda remitir para o seu informe técnico a única oferta finalmente presentada do seguinte licitador:

Nº DE ORDE	PRESENTACIÓN		NOME DA EMPRESA LICITADORA	
	DATA	REXISTRO	COMPLETO	ABREVIADO
1	03/05/2018	18.307	CIDADANÍA REDE DE APLICACIÓN SOCIAIS S. COOP. GALEGA F15715683	CIDADANÍA

### **3.- Análise da única oferta presentada con base aos criterios de adxudicación fixados no Prego como riterios cualitativos dependentes dun xuízo de valor**


Toda vez que tan só se presentou unha única oferta ao proceso de licitación referenciado no encabezamento, a análise do presente informe técnico baséase no cumprimento dos requisitos fixados no Prego establecidos como criterios de adxudicación cualitativos dependentes dun xuízo de valor, sen entrar a puntuar cada apartado establecido no prego de condicións.

Neste apartado, analizouse que a oferta dera cumprida resposta aos requisimentos do prego nos seguintes aspectos:

- **1. Plano de participación, comunicación e mediación social:** a oferta de servizos analizada incorpora un plano de participación e mediación social e outro de comunicación nos cales desenvolven os aspectos establecidos no prego de prescripcións técnicas.

No plano de participación e mediación social contempla as accións necesarias a realizar secuenciadas en dúas fases de traballo, que se corresponden a fase D1 coa preparación do proceso, deseño e diagnóstico, elaboración das propostas e presentación de apoios e a fase D2 coa decisión e seguimento das propostas. Esta división enténdese axeitada para o desenvolvemento do contrato.

Esta proposta tamén atende á promoción da transparencia e a igualdade no acceso á información.



A adxudicataria tamén propón desenvolver accións específicas dirixidas ao envolvemento no proceso de OP dos colectivos en risco de exclusión socioeconómica e daqueles segmentos da poboación historicamente menos implicados nestes procesos de participación cidadá. Ao mesmo tempo, prevé mecanismos que eviten a monopolización dos debates e as intervencións por parte das mesmas persoas e/ou colectivos.

No referente aos medios utilizados para o desenvolvemento deste contrato a empresa manifesta que conta con persoal técnico especializado no ámbito da participación cidadá, na aplicación de diferentes técnicas para a elaboración de diagnoses e no deseño e dinamización de espazos de participación enfocados ao deseño de instrumentos e medidas de actuación en diferentes campos sociais, así como que subcontratará con Numax, SCG o deseño gráfico e a comunicación social. O carácter xenérico destes termos na proposta presentada no sobre 1 indícanse sen detallar os medios apartados-agás no apartado de eventos de rúa-.

No Plano de comunicación a oferta de servizos analizada presenta as dimensións externas da comunicación dos OP, establecendo seus obxectivos, os criterios de segmentación do público obxectivo para aplicar os criterios de comunicación más axeitados, os canles de comunicación a utilizar (comunicación offline e online) e a imaxe gráfica do proceso, a partir da existente, todo elo de acordo cos principios de igualdade, transparencia e accesibilidade á información.


As canles de comunicación e de información, así como as estratexias de difusión e publicidade adáptanse ao solicitado nos pregos e existe as políticas de comunicación terán como obxectivo, entre outros, garantir o uso non sexista e androcéntrico da linguaxe, imaxes e contidos utilizados.

**2. Plataforma web:** a oferta de servizos analizada ofrece neste apartado a posta a disposición do desenvolvemento de OP dunha aplicación web para a participación cidadá denominada "Participare" que, segundo se establece na súa oferta, achegaría tódalas especificacións técnicas e funcionalidades requiridas no prego.

No tratamento de datos a empresa, como encargada do tratamiento (segundo a definición que establece o artigo 3.g) da Ley Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal<sup>1</sup> debe adoptar, naquelo que lle corresponda, as medidas necesarias para o cumprimento da normativa europea en protección de datos, incluíndo o Regulamento Xeral de protección de datos - que entrou en vigor o 25 de maio de 2016 e que comenzará a aplicarse o día 25 de maio de 2018-.

---

<sup>1</sup> Encargado do tratamiento: a persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou calquera outro organismo que, só ou conxuntamente con outros, trate datos persoais por conta do responsable do tratamento



CONCELLO DE  
SANTIAGO

- **3. Calendario/cronograma:** a oferta de servizos analizada incorpora un calendario/cronograma que, en esencia, cumpre coas especificacións establecidas no prego de prescripcións técnicas. Respecta os prazos establecidos como improrrogables nos apartados 4.3.d)<sup>2</sup>, 4.3.e) e 4.3. f). Advírtense pequenos desfases -1 día do fito do punto 4.3.b) e 2 días no do punto 4.3.c)-. Porén, neste momento procedemental non son determinantes porque o calendario definitivo debe axustarse á realidade temporal da execución do contrato.

#### **4.- Conclusión**

Con base no antedito pódese concluír que a única oferta presentada cumpre –coas precisións efectuadas- cos requisitos establecidos como criterios de adxudicación dependentes dun xuizo de valor no Prego de prescripcións técnicas, se ben quen subscribe somete o presente informe técnico a avaliación da mesa de contratación para que proceda como mellor considere.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018

A economista da Oficina de Orzamentos,

Marina Sandamil Andión



---

<sup>2</sup> Fe de erratas: no prego aparece como 15 de outubro pero este prazo debe interpretarse como o 1 de outubro.

## INFORME TÉCNICO

### **1.- Obxecto**

Redáctase o presente informe técnico en relación á valoración dos criterios de adxudicación establecidos no prego non dependentes dun xuízo de valor para a contratación de asistencia técnica para levar a cabo o ***"Servizo para a posta en marcha dos Orzamentos Participativos para o ano 2019"***, así como do cumprimento do establecido no prego técnico, de acordo co prego de prescripcións técnicas e coa documentación do expediente de referencia CON/10/2018.

### **2.- Apertura de ofertas**

Con data 15 de maio de 2018 tivo lugar a reunión da mesa de contratación para a apertura do sobre 2 “Proposición relativa aos criterios avaliables mediante fórmulas”. Trala análise formal da documentación presentada, a mesa de contratación acorda remitir para o seu informe técnico a única oferta finalmente presentada do seguinte licitador:

Nº DE ORDE	PRESENTACIÓN		NOME DA EMPRESA LICITADORA	
	DATA	REXISTRO	COMPLETO	ABREVIADO
1	03/05/2018	18.307	CIDADANÍA REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS S. COOP. GALEGA F15715683	CIDADANÍA

### **3.- Análise da única oferta presentada con base aos criterios de adxudicación fixados no Prego como criterios avaliables mediante fórmulas**

Toda vez que tan só se presentou unha única oferta ao proceso de licitación referenciado no encabezamento, a análise do presente informe técnico baséase no cumprimento dos requisitos fixados no Prego establecidos como criterios de adxudicación avaliables mediante fórmulas, sen entrar a puntuar cada apartado establecido no prego de condicións.

Neste apartado, analizouse que a oferta dera cumprida resposta aos requisitos do prego nos seguintes aspectos:

#### **1. Criterios cualitativos: a) Equipo técnico asociado ao proxecto**

Analizouse que a oferta dera cumprida resposta aos requisitos do prego e pódese concluír que cumpre cos requisitos mínimos de perfiles profesionais, dedicación e experiencia. Enténdese que o equipo presentado ten capacidade para desenvolver as tarefas que a realización deste contrato supón e que responde aos medios materiais precisos para a execución.

#### **2. Criterios económicos**

A oferta económica finalmente proposta por CIDADANÍA é de 66.000,00 € máis IVE, é dicir, 79.860,00 € (IVE incluído), polo que ten encaixe no orzamento base de licitación establecido no cadre de características técnicas-69.471,35€-.



CONCELLO DE  
SANTIAGO

**4.- Análise da única oferta presentada con base no cumprimento do servizo a contratar definido no prego técnico**

A oferta presentada cumpre –coas precisóns efectuada en informe de data 8 de maio de 2018 - cos requisitos establecidos no Prego de prescripcións técnicas.

Reitérase neste apartado que o desaxuste referente ao cronograma de execución non supón unha limitación para a aceptación da oferta, máxime cando o calendario final se debe adaptar á realidade temporal da execución.

**5.- Conclusión**

Con base no antedito neste informe e no elaborado en data 8 de maio de 2018 pódese concluír que a única oferta presentada cumpre os requisitos establecidos como criterios de adxudicación establecidos no Prego de prescripcións técnicas, así como que a oferta presentada cumpre os requisitos fixados no prego obxecto deste contrato, se ben quen subscribe somete o presente informe técnico a avaliación da mesa de contratación para que proceda como mellor considere.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018

A economista da Oficina de Orzamentos,

Marina Sandamil Andión

Firmado digitalmente por SANDAMIL  
ANDIÓN, MARINA (FIRMA)  
Nombre de reconocimiento (DN):  
c=ES, serialNumber=765775265,  
sn=SANDAMIL, givenName=MARINA,  
cn=SANDAMIL ANDIÓN, MARINA  
(FIRMA)